

Pontevedra, 9 de novembro de 2015

Prezada/o amiga/o,

Pola presente, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade convoca a reunión da **Rede Municipalista Solidaria** correspondente ao segundo semestre de 2015, que terá lugar os vindeiros 17, 18, 19, 23, 24 e 27 de novembro ás 12:00h nos lugares que se indican a continuación:


- 17/11/2015.** Concello de Nigrán. Salón de Actos do Concello (Praza da Constitución s/n).
- 18/11/2015.** Concello de Ames. Pazo da Peregrina (Avda José Luís Azcárraga, 5. Bertamiráns)
- 19/11/2015.** Concello de Caldas de Reis. Salón de Plenos de Concello (Rúa Ferrería nº 1).
- 23/11/2015.** Concello de Cartelle. Auditorio (Outomuro).
- 24/11/2015.** Concello de Monforte de Lemos. Sala de Xuntas do Concello (Praza Campo de San Antonio, s/n).
- 27/11/2015.** Deputación da Coruña. Sala Juanjo Gallo (Avenida Alférez Provisional, 2. 6ª planta)

As xuntanzas da RMS están orientadas á participación dos técnic@s do Fondo Galego, mais tamén é unha ocasión perfecta para que @s representantes polític@s dos Concellos e Deputacións socias coñezan de primeira man todas as actividades que desenvolvemos, tanto aquí como alá.

A **ORDE DO DÍA** será a seguinte:

1. Benvida e introdución ao Fondo Galego
2. Estado dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
3. Estado de execución do Plan de Sensibilización 2015.
4. Plan de comunicación e servizo de comunicación para os socios.
5. Busca e deseño de novas actividades de sensibilización.
6. Rogos, preguntas, suxestións.

Agardamos confirmación da súa asistencia e aproveitamos para lle transmitir os máis cordiais saúdos,



Juan González  
Presidente Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade



PD. Para confirmar a asistencia ou en caso de dúbida: 986 843 436. [acorzo@igadi.org](mailto:acorzo@igadi.org)